



PLAN DIXITAL

IES FONMIÑÁ

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introducción	2
1.1. Datos básicos do centro	2
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	2
1.3. Breve xustificación do mesmo	4
1.4. Proceso de elaboración	5
2. Situación de partida.....	6
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	6
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	10
2.3. Análise DAFO	12
3. Plan de Acción	14
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	14
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	14
4. Avaliación do plan	21
5. Difusión do plan.....	21

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Tipo de centro: Público

Denominación oficial: IES Fonmiñá

Código do centro: 27016716

Provincia: Lugo

Enderezo: Avda Doutor Cabaneiro S/N, A Pastoriza

Código Postal: 27287

Teléfono: 982870015 / 982870016

NIF: Q7750015E

Dirección de correo electrónico: iesfonmina@edu.xunta.gal

Páxina Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfonmina/>

O claustro do Instituto está formado por 10 profesores/as con destino definitivo, 4 con destino provisional e 1 profesor de relixión, adscritos como segue:

Departamento de Matemáticas: 2

Departamento de Artes plásticas: 1 (compartida)

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía: 1

Departamento de Economía: 1

Departamento de Educación Física e Deportiva: 1

Departamento de Francés: 1

Departamento de Inglés: 1

Departamento de Lingua Castelá e Literatura:1

Departamento de Lingua Galega e Literatura:1

Departamento de Tecnoloxía: 1

Departamento de Xeografía e Historia 1

Orientadora: 1

Especialista PT: 1

Profesor/a de Relixión: 1 (compartida)

Actualmente o centro conta con 50 alumnos/as.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Fonmiñá é un instituto de ensinanza secundaria (sen Bacharelato) situado no Concello de A Pastoriza (Lugo), que conta con dous colexios adscritos, o CEIP O Salvador en A Pastoriza e o CEIP de Bretoña, onde estudaron a maioría dos alumnos e alumnas do noso centro antes de acceder á ESO.

Estamos nunha área eminentemente rural, no que ten un peso fundamental a actividade gandeira, que convive con actividades industriais (canteiras de lousa e pavimentos, empresas de construción e de transportes, fábrica de pensos, piscifactorías, etc.) e actividades vinculadas a construción e o sector servizos (tendas, talleres mecánicos, hostalería, transportistas e coidados...).

En canto a actividades deportivas e culturais, o Concello de A Pastoriza conta con "Escolas Deportivas Municipais", cunha ampla oferta de actividades, dende diferentes tipos de deportes (atletismo, fútbol sala, natación, patinaxe, badminton, etc.) ata actividades como informática, baile e música tradicionais, manualidades, etc. Así mesmo, ofrece distintas actividades culturais que se desenvolven na Biblioteca Municipal, na Casa da Cultura.

A nosa oferta educativa contempla a posibilidade de habilitar agrupamentos nas materias instrumentais (Linguas e Matemáticas). Tamén contamos cunha profesora de apoio (Pedagogía Terapéutica) para todos aqueles alumnos/as que presenten dificultades académicas continuadas. Así mesmo, contamos con Programación como materia de libre configuración en 1º da ESO.

Neste curso 2021-2022, estamos a participar en dous Plans Proxecta (Donas de si e Activistas polo mundo que queremos), programas de innovación educativa ofertados pola Consellería de Educación. Son proxectos voluntarios nos que se favorece a educación en valores.

Ademais, o noso instituto segue a participar no Proxecto Edixgal da Consellería de Educación, polo que o noso alumnado conta con aulas totalmente informatizadas, con ordenadores para o seu uso persoal, nun intento de mellorar as súas competencias no uso das novas tecnoloxías.

A totalidade do noso claustro participa dende o curso pasado, dándolle así continuidade, no noso Plan de Formación Permanente do Profesorado, Explorando o E-Dixgal.

A contribución deste Plan Dixital na Programación Xeral Anual do vindeiro curso 22/23 resúmese nos seguintes puntos:

- Establecer canles de comunicación entre os diferentes axentes do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente.
- Verificar a calidade da información buscada na internet.
- Comportamento responsable na internet e de xeito especial nas redes sociais.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa. Así, no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións Educativas e os Equipos Directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Seguindo a disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, elabórase este Plan Dixital no presente curso.

Tendo en conta a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

1.4. Proceso de elaboración

Participan no proceso de elaboración deste Plan Dixital o Equipo Directivo formado por:

- Directora: María Isabel Valiela Pérez.
- Xefa de Estudos: Cristina Rivero López.
- Secretario: Jorge Moreno Castro.

A maiores integra o Equipo de Dinamización deste Plan Dixital e actúa como Coordinador do mesmo Iván Vázquez Puga (Departamento de Tecnoloxía).

Segundo as directrices marcadas dende o Adix Burela, a través dos coordinadores participamos en dúas sesións de formación e realizamos ao longo deste curso académico diversas actividades de recollida e análise de datos:

- Participación no SELFIE por parte de profesorado e alumnado.
- Análise de datos dos resultados do SELFIE.
- Realización do test CDD por parte do profesorado.
- Redacción de Obxectivos do Plan de Mellora.
- Redacción do propio Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No centro contamos actualmente co seguinte equipamento:

- Aula de Informática: 10 ordenadores á disposición do alumnado, e un máis para o uso do profesorado. Todos eles están postos en rede con conexión a Internet. Tamén dispón dunha pantalla con canón retroproector, un escáner e unha impresora.
- Aula de Tecnoloxía: conta cun ordenador de sobremesa con conexión a Internet para o uso do profesorado, pantalla e canón retroproector. Nesta aula impártese unicamente a materia de Tecnoloxía, exceptuando este ano excepcional que por tamaño se empregou para o curso máis numeroso do centro (3º ESO A) para poder manter as distancias esixidas nos Protocolos COVID.
- Biblioteca: conta cun ordenador de sobremesa con conexión a Internet para a xestión da biblioteca e uso do profesorado.
- Sala de profesores: conta con 2 ordenadores de sobremesa con conexión a Internet, para uso do profesorado.
- Aula de Audiovisuais: dotada dunha pantalla dixital interactiva con canón retroproector, conectado a un ordenador de sobremesa con conexión a Internet para o profesor e 6 ordenadores de sobremesa de diversa antigüidade para o alumnado tamén con conexión a Internet, facendo desta aula un espazo alternativo como sala de informática.
- Laboratorio de Ciencias Naturais: conta cun ordenador de sobremesa con conexión a Internet para o uso do profesorado, pantalla e canón retroproector. Impártense unicamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química.


As aulas de Informática e Audiovisuais utilizáronse preferentemente para as clases das materias de TIC e de Tecnoloxía, pero puideron ser reservadas polo resto do profesorado nas horas libres.

Na confección de horarios tentouse que o maior número de materias tivese á súa disposición algunha hora á semana nestas aulas, coordinando así o seu aproveitamento.

Axúntase a continuación un plano das dúas plantas do noso centro educativo indicando a situación das diferentes aulas segundo a distribución deste ano 2021/22 por mor das medidas esixidas nos Protocolos COVID e a dotación informática de cada unha delas. Tamén se indica a maiores a dotación informática de diferentes estancias que contan con ordenador de sobremesa con conexión a Internet como poden ser varios Departamentos (Orientación, CCSS, Linguas Estranxeiras, PT), a Biblioteca, a sala do Profesorado, a Oficina de Administración, así como os despachos de Xefatura de Estudos e Dirección.



PLANTA PRIMERA



PLANTA BAJA



Contamos tamén con equipos ultraportátiles de E-Dixgal para que o alumnado poda traballar nas aulas e levar para a casa, facilitados pola Consellería e para todo o noso alumnado do centro, tendo un total de 50 equipos operativos e en uso e 9 equipos de reserva.

Tamén contamos con equipos portátiles para o profesorado participante en E-Dixgal facilitados pola Consellería con un total de 10 equipos operativos e actualmente 9 en uso.

En canto á conectividade e ás infraestructuras de voz e datos, contamos con boa conexión a internet por fibra óptica ata o centro e con distribución da conexión cableada ata todas as dependencias do mesmo: en tódalas aulas, despachos, administración, sala de profesores/as, ximnasio, ... Así mesmo tamén contamos con conexión sen fíos Wi-Fi en todas as dependencias do centro anteriormente mencionadas grazas á instalación de diversos puntos de acceso (AP) para red Wi-Fi inalámbricos en diversas zonas estratéxicas do mesmo para acadar unha boa cobertura global.

A xestión de mantemento do equipamento do centro facémola a través do Coordinador TIC e/ou Coordinador E-Dixgal do centro en función do/s equipo/s que se traten de manter e/ou arranxar e que neste actualmente é o profesor de Tecnoloxía, Iván Vázquez Puga.

En caso de ter que comunicar calquera incidencia para realizar mantementos e/ou arranxar calquera equipo procederemos de diferente xeito segundo o caso que se nos presente: comunicámonos co Servizo Premium de E-Dixgal sempre que sexa con equipamento E-Dixgal (tanto de alumnado, profesorado ou equipos das aulas E-Dixgal) e comunicámonos coa Unidade de Atención a Centros (UAC) sempre e cando sexa con equipamento diferente ao anteriormente mencionado de E-Dixgal pero empregado no centro e facilitado pola Administración.

Para calquera problema no emprego e uso de diferentes ferramentas, apps, material das editoriais de E-Dixgal, servizos dixitais da consellería, etc., contactamos segundo proceda igual que o exposto no punto anterior: coa UAC, co Servizo Premium de E-Dixgal, con Websdinámicas, AMTEGA e/ou co noso Asesor Abalar de Zona (Burela).

No noso centro contamos e traballamos a maioría do profesorado coa Aula Virtual do centro e/ou con E-Dixgal. E emprégase habitualmente a páxina web do centro para difundir a información máis relevante do centro, así como as actividades relacionadas cos Plans Proxecta realizados.

O centro tamén dispón de equipo de radio e os distintos podcast realizados por diferentes Departamentos son publicados na plataforma iVoox.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A continuación preséntanse os resultados da **Autoavaliación SELFIE**, coa información do **resumo das áreas** do Equipo Directivo, do profesorado e do alumnado do noso centro:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		2,7			
	Profesorado		3,9			
	Alumnado		--			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		1,4			
	Profesorado		3,3			
	Alumnado		3,6			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,6			
	Profesorado		4,0			
	Alumnado		4,2			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,2			
	Profesorado		3,9			
	Alumnado		--			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,7			
	Profesorado		4,1			
	Alumnado		4,3			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,2			
	Profesorado		3,3			
	Alumnado		3,6			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,6			
	Profesorado		2,6			
	Alumnado		3,3			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,7			
	Profesorado		4,0			
	Alumnado		4,0			

Test CDD:

1.3. Participación no Test CDD segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	10	100%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Resultados da participación no Test CDD do profesorado:

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	76,3	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	--	--
A2	5	35,7 %
B1	7	50 %
B2	1	7,1 %
C1	1	7,1 %
C2	--	--
TOTAL	14	99,9 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do Test CDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Os datos son os que se mostran nas táboas seguintes:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro conta con dispositivos dixitais para que o alumnado os empregue cando os necesita. (C8) 2. O centro conta con bo acceso a internet para ensinanza e aprendizaxe. (C3) 3. O centro conta ou administra dispositivos dixitais (E-Dixgal e propios) para que o alumnado os poda levar á casa. (C10) 4. O noso centro conta con boa infraestrutura dixital (C1) 5. O noso centro conta con boa asistencia técnica cando xorden problemas (C5) 6. O Centro conta con dispositivos dixitais para a labor docente (C2) 7. Hai espazos físicos para o ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (C14) 8. O alumnado pode traer ao centro os seus propios dispositivos e usalos nas aulas sempre con aviso e autorización previa (C13) 9. O centro dispón e fai uso do software libre (PC2) 10. O centro conta con equipamento mercado polo propio centro e dispón de equipamento informático facilitado pola Administración (E-Dixgal) (PC5) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os sistemas de protección de datos no centro poden ser mellorables (C7). 2. O equipo directivo non coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para os centros educativos. (PC4)
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Conta e sinte o apoio para probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. (A3) 2. O profesorado busca e crea recursos educativos en liña (E1 y E2) 3. O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación co alumnado relacionadas co centro (E4) 4. O Profesorado emprega plataformas en liña onde o alumnado pode contribuír (E3) 5. O profesorado emprega recursos educativos abertos (E5) 6. O profesorado realiza actividades usando as tecnoloxías dixitais en función das necesidades específicas de cada alumno/a. (F1) 7. O profesorado utiliza a tecnoloxía dixital para fomentar a creatividade do alumnado (F3) 8. O profesorado crea actividades motivadoras empregando as tecnoloxías dixitais (F4) 9. O profesorado usa as tecnoloxías dixitais para fomentar o traballo en equipo (F5) 10. Empréganse as tecnoloxías dixitais para fins de avaliación. (G7) 11. Empréganse as tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación ao alumnado (G3) 12. Emprégase a tecnoloxía para documentar a aprendizaxe do alumnado (G8) 13. O profesorado considera útil as actividades de formación e asesoramento internos (DPC 1 e 4) 14. O profesorado considera moi útil aprender de outros/as compañeiros/as do centro a través de actividades de colaboración e/ou a través de profesorado en liña (DPC 2 e 6) 15. O profesorado considera moi útil a asistencia tanto a formación presencial como en liña como a programas acreditados (DPC 3 e 5 e 8) 16. O profesorado edita ou crea recursos dixitais para as clases con seguridade no manexo das tecnoloxías dixitais (SMT 1) 17. O profesorado manexa con seguridade diferentes dispositivos e recursos para as clases e para a comunicación co alumnado e as súas familias incluíndo a avaliación e o feedback (SMT 2 e 3 e 4) 18. Unha ampla maioría do profesorado emprega unha porcentaxe alta de tempo para ensinar empregando as tecnoloxías dixitais (PT 1) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A pesar de que o profesorado percibe que o Equipo Directivo o involucra na estratexia Dixital do Centro, o Equipo Directivo non sinte que se está a organizar deste xeito. (A2) 2. A pesar de que o profesorado percibe que se debaten os pros e os contras do ensino con tecnoloxía Dixital, o Equipo Directivo discrepa en que haxa suficiente debate. (B2) 3. A pesar de que o Equipo Directivo percibe que non se avalían os progresos no uso de Tecnoloxías Dixitais, o profesorado si que considera que leva a cabo esa avaliación. (B1) 4. A pesar de que o Equipo Directivo percibe que non se empregan tecnoloxías dixitais en colaboración con outras organizacións, o profesorado si que manifesta o seu uso e colaboración. (B3) 5. Non se fomenta o uso das tecnoloxías dixitais para a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares (F6) 6. Non se empregan habitualmente os datos dixitais para mellorar a experiencia de aprendizaxe de alumnos/as concretos/as (G9) 7. O profesorado non sempre emprega as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado (G1) 8. Non sempre se empregan as tecnoloxías dixitais para reflexionar sobre a aprendizaxe do alumnado (G5) 9. Non se utilizan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado faga críticas construtivas sobre os traballos dos seus compañeiros/as. (G6) 10. Non se utilizan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado faga observacións construtivas sobre o labor docente do profesorado. 11. Unha ampla maioría do profesorado e do Equipo Directivo comeza a empregar as tecnoloxías dixitais ao mesmo tempo que o resto de compañeiros/as (ATIC 1)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado percibe que se debaten os pros e os contras do uso da tecnoloxía dixital para a súa aprendizaxe e formación. (B2) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado non se motiva máis co uso da tecnoloxía dixital (F4) 2. O alumnado emprega as tecnoloxías dixitais sobre unha hora diaria para actividades de ocio e apenas realizan

	<p>2. O alumnado emprega a tecnoloxía dixital para facer tarefas máis creativas (F3)</p> <p>3. Empréganse as tecnoloxías dixitais para recibir retroalimentación do profesorado (G3)</p> <p>4. O alumnado emprega a tecnoloxía para levar un rexistro dos seus estudos (G8)</p> <p>5. O alumnado fai un uso responsable e seguro das tecnoloxías dixitais en Internet (H3 H1)</p> <p>6. O alumnado emprega as tecnoloxías dixitais en varias materias e emprégaaas como medio de comunicación. (H10 e H8)</p> <p>7. O alumnado aprende a codificar e/ou programar e a crear contidos dixitais (H11 e H7)</p> <p>8. O alumnado aprende a verificar que a información atopada en internet é fiable e a utilizar o traballo doutras persoas (H4 e H6)</p> <p>9. O alumnado aprende a resolver problemas técnicos relacionados coas tecnoloxías dixitais (H13)</p> <p>10. O alumnado emprega as tecnoloxías dixitais máis de unha hora ao día tanto no centro coma na casa para facer as tarefas escolares (UTIC 1 e 2)</p> <p>11. Unha ampla maioría conta con dispositivos dixitais na súa casa (AFC 1)</p> <p>12. Destácase o coñecemento técnico do noso alumnado porque a maioría sabe como usar o software/apps sen axuda e cando teñen dúbidas, algo máis da metade recorre a internet.</p>	<p>actividades de ocio nas que non emprega a tecnoloxía (UTIC 3 e 2)</p> <p>3. O alumnado non emprega a tecnoloxía fora do centro con fins educativos alleos ao centro (UTIC 5)</p> <p>4. Unha terceira parte do alumnado afirma que se distrae cando emprega dispositivos dixitais para estudar.</p>
FAMILIAS		1. O profesorado non emprega o sistema abalar como comunicación coas familias a nivel grupal ou individual. (E4)
OFERTA	<p>1. O profesorado ten acceso a posibilidades de FPP relacionado coas tecnoloxías dixitais. (D2)</p> <p>2. O Claustro debate as necesidades de formación relacionadas coas tecnoloxías dixitais. (D1)</p> <p>3. O Claustro intercambia experiencias sobre o uso das tecnoloxías dixitais. (D3)</p> <p>4. Promóvese e participase en actividades formativas para a actualización das competencias dixitais do profesorado (PC3)</p> <p>5. O centro promove a creación conxunta de coñecemento a través de Plans de Formación Permanente do Profesorado (PC6)</p>	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. O Profesorado dispón de tempo para explorar métodos de ensino con tecnoloxías dixitais. (A4)</p> <p>2. O alumnado aprende a codificar e/ou programar (Programación materia de libre configuración en 1º ESO e TIC en 4º da ESO) (H11 e H7)</p> <p>3. O centro difunde a información de interese e o seguimento da actividade académica do alumnado por canles corporativas (PC1).</p> <p>4. Na web do Centro aparece toda a información de interese relacionada coas diferentes materias. (PC8)</p> <p>5. Emprégase a Aula Virtual e/ou E-Dixgal na maioría das materias. (PC9)</p>	1. O Centro non conta cunha estratexia Dixital. (A1)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Existe unha ampla oferta de actividades formativas para a actualización das competencias dixitais do profesorado dende as Administracións Educativas (PC3)</p> <p>2. As modalidades de formación ofertadas polas Administracións Educativas axústanse ás necesidades do profesorado en competencia dixital. (PC7)</p> <p>3. O centro ten acceso a recursos dixitais en liña e o profesorado participa en programas de desenvolvemento profesional como factores positivos da aprendizaxe mixta.</p>	1. O profesorado dispón de pouco tempo para a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais e para realizar/preparar materiais dixitais por excesiva burocracia.
	LEXISLACIÓN		<p>1. No Centro non se respectan ou se percibe que non se respectan sempre os dereitos de autor/a e as licenzas de uso. (A5)</p> <p>2. O equipo directivo non coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para os centros educativos. (PC4)</p>
	CONTORNA	1. O profesorado considera útil as visitas a outros centros, empresas, ... (DPC 7)	1. O profesorado considera como factores negativos para unha aprendizaxe mixta a mala conexión e o acceso limitado por parte do alumnado e a baixa competencia dixital das familias.
	ANPA		1. O noso centro non conta con ANPA.
	OUTRAS ENTIDADES	1. O profesorado considera útil as visitas a outros centros, empresas, ... (DPC 7)	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Seguindo as directrices marcadas dende o Adix Burela, a través dos coordinadores participamos en dúas sesións de formación e realizamos ao longo deste curso académico diversas actividades de recollida e análise de datos:

- Análise de datos dos resultados do análise do DAFO.
- Análise da situación real e actual do noso centro.
- Redacción dos Obxectivos do Plan de Mellora que se mostran nas táboas das páxinas seguintes.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, máis concretamente con respecto a equipamento, que precisamos con maior prioridade no noso centro para o vindeiro curso escolar serían entre outras as que relacionamos a continuación:

- Ordenador portátil para a aula de 1º da ESO, aula dixitalizada e do proxecto de educación dixital E-Dixgal, para a substitución do equipo actual, por contar con un equipo moi antigo, con moi baixo rendemento e fallos continuos, cortes de conexión (frecuente en videoconferencias, ...), tarda habitualmente varios minutos en acender e en executar os programas e/ou aplicacións e cando traballamos co Epoptes non se ven as pantallas do alumnado en tempo real e incluso se producen cortes.
- Ordenador portátil para a aula de Audiovisuais xa que nesta aula contamos con un equipo de sobremesa antigo e nela se desenvolven diferentes obradoiros, charlas, ... e incluso se emprega para algunha materia optativa. Tamén precisaríamos un vídeo proxeccionador máis moderno e actualizado xa que o que temos actualmente non proxecta

imaxes e películas con boa calidade. E a súa instalación para traballar coa pizarra dixital que xa temos instalada nesta aula.

- Ordenador portátil para a aula de Tecnoloxía por ser materia adherida a E-Dixgal en todos os cursos e etapas. Tamén precisaríamos a instalación no teito da aula e o cableado correspondente do vídeo proxector que xa temos.
- Ordenador portátil para a aula de Educación Plástica, Visual e Audiovisual por ser materia adherida a E-Dixgal en todos os cursos e etapas. Tamén precisaríamos a instalación no teito da aula e o cableado correspondente do vídeo proxector que xa temos.
- Ordenador portátil para a aula de Música, porque ademais de aula de Música, é a aula onde se producen os desdobres con profesorado adherido a E-Dixgal (Matemáticas e Lingua Galega). Tamén precisaríamos a instalación no teito da aula e o cableado correspondente do vídeo proxector que xa temos.
- Tamén precisaríamos a instalación no teito da Biblioteca e o cableado correspondente do vídeo proxector que xa temos na mesma.

Solicitamos os tres equipos das aulas de Tecnoloxía, EPVA e Música anteriormente relacionados por motivo de que nas aulas citadas actualmente contamos con ordenadores de sobremesa antigos, o que provoca que non se podan empregar diferentes aplicacións con eles do mesmo xeito que se podería facer con ordenadores portátiles de E-Dixgal, tal e como pode ser o caso do Epoint: ferramenta de control de aula, Samba: compartir ficheiros na aula, ... ferramentas moi empregadas na aula diariamente e á hora de realizar diferentes tarefas, probas, etc.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: apoios e recursos.					
1. OBXECTIVO (1):	E4.- Establecer canles de comunicación entre os diferentes axentes do proceso de ensinanza-aprendizaxe.				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Coordinador TIC e Claustro.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Tanto % de familias que teñen instalado Abalar Móbil. Tanto % de familias que usan Abalar Móbil para comunicación co centro (titorías, avisos varios, ...). Tanto % de profesorado que teñen habilitado a solicitude de titorías vía Espazo Abalar. Tanto % de profesorado que usa Espazo Abalar para as titorías, avisos varios,				
Valor de partida (3)	80 % de familias que teñen instalado Abalar Móbil. 0 % de familias que usan Abalar Móbil para comunicación co centro (titorías, avisos varios, ...). 0 % de profesorado que teñen habilitado a solicitude de titorías vía Espazo Abalar. 0 % de profesorado que usa Espazo Abalar para as titorías, avisos varios,				
Valor previsto e data (4)	100 % de familias que teñen instalado Abalar Móbil. 60 % de familias que usan Abalar Móbil para comunicación co centro (titorías, avisos varios, ...). 80 % de profesorado que teñen habilitado a solicitude de titorías vía Espazo Abalar. 80 % de profesorado que usa o Espazo Abalar para as titorías, avisos varios,				Xuño (final de curso 2022/2023).
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Conseguir que as familias instalen o Abalar Móbil nos seus teléfonos.	Equipo Directivo e Titores/as.	Mes de Outubro.	Abalar Móbil aplicación. Páxina web do centro con videotitoriais como logearse na app.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Compartir coas familias a información das titorías, avisos varios, ... a través do Abalar Móbil.	Titores/as.	Final de cada trimestre.	Abalar Móbil aplicación. Páxina web do centro con videotitoriais como acceder á información, notas, ...		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.3: Conseguir que o profesorado teña habilitado a solicitude de titorías a	Equipo Directivo e Coordinador TIC.	Outubro.	Espazo Abalar.		Realizada
					Aprazada

través do Espazo Abalar.					Pendente
A01.4: Establecer o Abalar entre o profesorado como método de recompilación de información do alumnado para as titorías e outros avisos.	Equipo Directivo.	Outubro.	Abalar en distintos formatos (Móbil, pro, web).		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: apoios e recursos

2. OBXECTIVO (1):	E2. Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente.	Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Coordinador/a do Plan de Formación e profesorado.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Tanto % de profesorado que crea material dixital propio (apuntamentos, esquemas, actividades, probas, ...). Tanto % do profesorado crea actividades interactivas. Tanto % do profesorado crea actividades colaborativas e/ou interdisciplinares.	
Valor de partida (3)	60 % do profesorado crea material dixital propio (apuntamentos, esquemas, actividades, probas, ...). 30 % do profesorado crea actividades interactivas. 0 % do profesorado crea actividades colaborativas e/ou interdisciplinares.	
Valor previsto e data (4)	90 % do profesorado crea material dixital propio (apuntamentos, esquemas, actividades, probas, ...). 60 % do profesorado crea actividades interactivas. 30 % do profesorado crea actividades colaborativas e/ou interdisciplinares.	Xuño (final de curso 2022/2023). Xuño (final de curso 2022/2023). Xuño (final de curso 2023/2024).

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO2.1: Solicitude e creación dun PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais.	Equipo Directivo, Asesoría CAFI, CFR, a persoa Coordinador/a do Plan de Formación.	Primeiro trimestre.	Solicitude, conexión a internet, ordenadores.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Creación de material	Profesorado.	Segundo e terceiro	Conexión a internet, ordenadores.		Realizada

dixital propio.		trimestre.			Aprazada
					Pendente
A02.3: Creación de actividades interactivas.	Profesorado.	Segundo e terceiro trimestre.	Conexión a internet, ordenadores.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.4: Creación de actividades colaborativas e/ou interdisciplinares.	Profesorado.	Segundo e terceiro trimestre curso 2023/2024.	Conexión a internet, ordenadores.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”: H. Competencias dixitais do alumnado

3. OBXECTIVO (1):	H4. Verificar a calidade da información.			Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, profesorado de Linguas e de Xeografía e Historia.			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades destinadas a que o alumnado aprenda a verificar e contrastar a información atopada en internet destacando a difundida nas redes sociais.				
Valor de partida (3)	2 actividades destinadas a que o alumnado aprenda a verificar e contrastar a información atopada en internet destacando a difundida nas redes sociais.				
Valor previsto e data (4)	4 actividades destinadas a que o alumnado aprenda a verificar e contrastar a información atopada en internet destacando a difundida nas redes sociais.		Xuño (final de curso 2022/2023).		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO3.1: Creación de actividades destinadas a que	Equipo Directivo, profesorado de Linguas e de Xeografía e Historia.	Xuño (final de curso 2022/2023).	Conexión a internet, ordenadores.		Realizada
					Aprazada

o alumnado aprenda a verificar e contrastar a información atopada en internet destacando a difundida nas redes sociais.					Pendente
--	--	--	--	--	----------

“Área/s de mellora”: H. Competencias dixitais do alumnado.

4. OBXECTIVO (1):	H3. Comportamento responsable	Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, profesorado de TIC e Orientación.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades destinadas a que o alumnado aprenda a empregar a internet e sobre todo as redes sociais de xeito seguro e responsable.	
Valor de partida (3)	2 actividades destinadas a que o alumnado aprenda a empregar a internet e sobre todo as redes sociais de xeito seguro e responsable.	
Valor previsto e data (4)	5 actividades destinadas a que o alumnado aprenda a empregar a internet e sobre todo as redes sociais de xeito seguro e responsable.	Xuño (final de curso 2022/2023).

ACCIONES A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO4.1: Creación de actividades destinadas a que o alumnado aprenda a empregar a internet e sobre todo as redes sociais de xeito seguro e responsable.	Equipo Directivo, profesorado de TIC e Orientación.	Xuño (final de curso 2022/2023).	Conexión a internet, ordenadores, teléfonos móbiles.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.2: Organización de charlas ou obradoiros para a sensibilización do alumnado.	Equipo Directivo, profesorado de TIC e Orientación.	Xuño (final de curso 2022/2023).	Conexión a internet, ordenadores, teléfonos móbiles.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

(1) Axuda para completar as táboas:

(2) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (3) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (4) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (5) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIONES A DESENVOLVER:

- (6) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (7) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (8) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (9) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (10) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (11) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital reunirse como mínimo unha vez por trimestre para facer o seguimento do noso Plan Dixital e proceder á súa avaliación.

Despois de cada reunión levantarase acta na que quedarán rexistrados o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Se os obxectivos e as accións non se están a acadar incluírase a necesidade de aprazalos para vindeiros meses.

Para realizar a avaliación final do noso Plan Dixital o Equipo de Dinamización reunirse ao finalizar o curso académico. Nesta reunión teranse en conta a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será presentado ao Claustro do Centro para a súa posterior aprobación no mesmo así como no Consello Escolar.

Unha vez aprobado será difundido e publicado a través da páxina web do centro para o coñecemento de toda a comunidade educativa.